



FICHA TÉCNICA NÚMERO/ÚLTIMA REVISIÓN: 020/180518  
CERTIFICACIÓN ISO 9001:2015 Nº CA -1.092. LABORATORIO AUTORIZADO Nº 046/GA/SA680A

## PRODUCTO

# MEDIDOR DE SATURACIÓN TOTAL DE GASES

## DESCRIPCIÓN

Medidores portátiles con pantalla dixital que permiten determinar de maneira **rápida e precisa** a concentración total de **gases disoltos** na auga. Esenciais para o control da enfermidade da burbuxa e a monitorización precisa de sistemas de bombeo, aireación/osixenación, desgasificación e equilibrado de gases. De calibración simple e menús fáciles e intuitivos. Con pantalla retroiluminada e teclado impermeable e resistente. Incorporan dous sensores independentes de presión, un mide a presión total do gas disolto (mm Hg o % saturación) e o outro mide a presión barométrica (mm Hg). Contan con sonda de temperatura e capacidade de almacenamento de datos, batería recargable e adaptador de corrente AC. Sonda de osíxeno disolto opcional.

## ESPECIFICACIÓNS TÉCNICAS

Dimensións: **Medidor portátil:** 16 cm X 8,5 cm X 3,2 cm.

**Sonda:** 24,6 cm X 4.34 cm Ø. Peso 0,7 kg. Batería recargable 4xAA NiMH/20 mA, inclúe cargador e adaptador de corrente.

**Sonda opcional DO:** Non consume osíxeno na medición, non precisa de axitación nin calibración periódica, non necesita solución electrolítica. Tempo de resposta 30 s, rango de T: 0-50°C, profundidade máxima 60 m.

**Cartuchos** de sonda intercambiabes (cada 3 ou 4 semanas para evitar condensacións).

Unidades de medida: presión total do gas (PTG), presión barométrica (PB) e Delta P en milímetros de mercurio (mm Hg), temperatura en grados centígrados (°C) e PTG en porcentaxe de saturación (%). Resolución: para PTG, PB e Delta P 1 mm Hg, para Temperatura 0,1 °C e para % de PTG 1 %.



## PREZO ORIENTATIVO\*

Medidor de Saturación de Gases .....dende 865 €/Unidade

Sonda .....dende 755 €/Unidade

Cartucho PTG.....dende 185 €/Unidade

\*os prezos non inclúen IVA nin gastos de transporte

## OBSERVACIÓNS

Os equipos subministraranse calibrados e con garantía de 24 meses contra calquera defecto de fabricación. Para máis información consulte co noso Laboratorio en [laboratorio@acuinuga.com](mailto:laboratorio@acuinuga.com).